Gonzalo Francisco Fernández Suárez

# Os Condes de Ribadavia durante o reinado de Felipe II

## Estudio e colección documental

Editorial Toxosoutos
SERIE TRIVIUM
2003

# Índice

**Introducción** .......... 5

**Fontes documentais e siglas** .......... 7

## I. Estudio

Capítulo I. **Don Luis Sarmiento de Mendoza, V conde de Ribadavia** .......... 11

Capítulo II. **De Dona Leonor a Don Álvaro: o condado de Ribadavia a finais do século XVI** .......... 19

## II. Colección documental

1. 1559-XI-29. Valladolid.– *Concerto entre Dona Leonor de Castro, condesa de Ribadavia, e o seu fillo Don Luis Sarmiento, conde de Ribadavia, sobre o pago da súa dote e as sumas a entregar a ésta e ás súas irmás para a súa mantenza* .......... 33
2. 1560-VII-4. Valladolid.– *Obriga que fixeron Don Luis Sarmiento de Castro, conde de Ribadavia, e Alonso de Monzón, o seu fiador, de pagar a Francisco de la Cueva, mercader, veciño de Valladolid, 31.000 marabedís* .......... 36
3. 1561-VII-11. Pontevedra.– *Capitulacións matrimoniais entre Don Luis Sarmiento, conde de Ribadavia, e Don Rodrigo de Moscoso, conde de Altamira* .......... 38
4. 1561-VII-15. Santiago.– *Escritura de renuncia que fixo Dona María de Moscoso, condesa de Ribadavia, da súa lexítima a favor do seu irmán Don Rodrigo Osorio de Moscoso, conde de Altamira, en troques de 35.000 ducados.* .......... 41
5. 1561-VII-17. Santiago.– *Escritura de cesión de Don Rodrigo de Moscoso, conde de Altamira, de todo o dereito que tiña ós bens dos marqueses de Villafranca, seus avós, a favor da súa irmá Dona María de Moscoso.* .......... 60

6. 1561-XI-24. Valladolid.– *Obriga que fixo Don Luis Sarmiento de Castro, conde de Ribadavia, de pagar a Carlo Marteli, mercader florentino, 1.100 ducados* ....63

7. 1561-XII-4. Valladolid.– *Carta de doazón de Dona María Sarmiento de 2.500 ducados a favor do seu irmán Don Luis Sarmiento, conde de Ribadavia*........68

8. 1562-II-20. Ribadavia.– *Escritura de dote e arras de Don Luis Sarmiento de Castro, conde de Ribadavia, de 6.000 ducados a favor de Dona María Osorio de Moscoso, a súa muller* ....71

9. 1562-V-25. Valladolid.– *Escritura de renuncia que fixo Dona María Sarmiento a favor do seu irmán Don Luis Sarmiento de Mendoza, conde de Ribadavia, de todo o dereito que puidera ter ós seus bens polos 7.000 ducados que seu irmán lle entregou para axuda do seu casamento con Don Diego Mesía* ......76

10. 1562-VIII-25. Santiago.– *Poder que dou Don Rodrigo Osorio de Moscoso, conde de Altamira, a Don Luis Sarmiento, conde de Ribadavia, para cobrar uns xuros nas cidades de Lugo e Ourense como dote do casamento coa súa irmá Dona María Osorio de Moscoso.* ....80

11. 1563-VIII-28. Mosteiro de Los Abrojos.– *Testamento de Dona María de Mendoza, muller de Don Francisco de los Cobos, Comendador Maior de León*.......85

12. 1564-III-1.– *Concerto que asinaron Don Álvaro de Mendoza, bispo de Ávila, Dona María de Mendoza e Don Luis Sarmiento, conde de Ribadavia, para a fundación dunha colexiata en Ribadavia*....90

13. 1564-VIII-15. Valladolid.– *Concordia entre Don Luis Sarmiento, conde de Ribadavia, e a súa nai Dona Leonor de Castro sobre a administración que ésta tivo do condado de Ribadavia e as sumas que o seu fillo halle de entregar a ela e ás súas irmás* ....95

14. 1566-IV-22. Barco de Viloira.– *Carta de poder de Don Luis Sarmiento de Castro, conde de Ribadavia, a favor de Juan Álvarez para cobra-los 8.000 ducados que se lle deran á súa irmá María Sarmiento para axuda do seu casamento* ....102

15. 1567-XI-6. Valladolid.– *Nomeamento que fixo Dona María de Mendoza, muller de Francisco de los Cobos, de 200.000 marabedís de censo a favor da abadesa e monxas do convento de Nuestra Señora de Belén*....105

16. c.1568.– *Informe sobre a conveniencia de traslada-los sepulcros familiares da casa de Ribadavia ubicados na igrexa de San Pedro de Mucientes ó mosteiro de Santo Domingo de Ribadavia* ....113

17. 1568-VIII-15. Valladolid.– *Escritura de confirmación do acordo ó que che-*

*garon Don Luis Sarmiento de Mendoza, conde de Ribadavia, Dona María de Mendoza e Don Álvaro de Mendoza, bispo de Ávila, co mosteiro de Santo Domingo de Ribadavia sobre a cesión de dúas capelas para o traslado dos restos dos seus devanceiros* ....................117

18. 1569-V-9. Burgos.– *Aprobación polo capítulo provincial de Santo Domingo sobre a cesión da capela maior e a de San Pedro Mártir en Santo Domingo de Ribadavia como lugar de enterramento familiar dos condes de Ribadavia* ......120

19. 1570-VII-11. Valladolid.– *Escritura de renuncia que fixo Don Álvaro de Mendoza, bispo de Ávila, de 150.000 marabedís de censo a favor do convento e frades de Santo Domingo de Ribadavia*....................136

20. 1570-VIII-19. Valladolid.– *Carta de pago de Juan de Villafranca, prior de Santo Domingo de Ribadavia, de que recibiu de Dona María de Mendoza os 150.000 marabedís que se comprometeu a darlle cando trasladasen a este mosteiro os restos dos condes de Ribadavia* ....................145

21. 1571-V-7. Valladolid.– *Obriga que fixo Cristóbal Fernández de Castro, mordomo dos condes de Ribadavia, de pagar a Gaspar Alonso, plateiro, 120 ducados no nome dos señores condes* ....................149

22. 1571-XII-17. Valladolid.– *Obriga que fixo Don Luis Sarmiento de Castro, conde de Ribadavia, de paga-la dote e as arras que debía á súa muller Dona María de Moscoso, comprometendo as vilas e as fortalezas de Valdeorras e Manzaneda* ....................159

23. 1572-II-22. Valladolid.– *Carta de poder de Dona María de Moscoso a favor do seu marido Don Luis Sarmiento de Castro, conde de Ribadavia, para obrigar compras, tomar préstamos, dar cédulas de cambio etc*....................165

24. 1572-XII-12-13. Ribadavia.– *Testamento e codicilio de Don Luis Sarmiento de Castro, conde de Ribadavia*....................168

25. 1573-I-6-13.– *Acto de posesión das xurisdiccións do condado de Ribadavia por Dona María de Moscoso y Toledo, como curadora e administradora da persoa e bens da súa filla Dona Leonor Sarmiento de Mendoza, condesa de Ribadavia* ....................196

26. 1573-XI-17. Valladolid.– *Capitulacións matrimoniais entre Dona María de Moscoso y Toledo, condesa de Ribadavia, e Dona María de Mendoza para o casamento de Dona Leonor Sarmiento e Don Diego Sarmiento* ....................243

27. 1581-V-6. Valladolid.– *Provisión real de Felipe II ordenando a Dona María Sarmiento de Mendoza, condesa de Ribadavia, que pague a Dona María de Moscoso y Toledo a dote que se lle debía por razón do seu casamento con Don Luis Sarmiento de Mendoza*....................252

28. 1587-I-5. Valladolid.– *Compromiso de Don Álvaro Sarmiento de Mendoza, conde de Ribadavia, de non emprega-los 30.000 ducados que están en poder do seu irmán Don Diego ata o mes de maio de 1588*..........257

29. 1589-III-29. Madrid.– *Carta de privilexio de Felipe II a favor de Don Álvaro Sarmiento de Mendoza, conde de Ribadavia, de 24.000 ducados de xuro imposto sobre as alcabalas da cidade de Toro e o seu partido*..........261

30. 1594-IX-8. Madrid.– *Título de Adiantado Maior de Galicia despachado por Felipe II a favor de Don Álvaro Sarmiento de Mendoza, conde de Ribadavia*..........277

31. 1598-XII-21. Valladolid.– *Concerto que asinaron os condes de Ribadavia e Monterrei sobre a posesión do couto de Castrelo e outros bens sobre os que pleiteaban*..........282

32. 1599-XI-8. Valladolid.– *Curadoría a favor de Don Diego Sarmiento de Mendoza y Zúñiga, fillo primoxénito de Don Álvaro Sarmiento de Mendoza, conde de Ribadavia*..........284

# Introducción

Os Sarmiento, condes de Ribadavia, representan unha estirpe singular dentro da nobreza galega tanto polo seu protagonismo como polo amplo caudal documental que atesouran. Esta última particularidade, a súa riqueza documental, permítenos un achegamento a eles nas diversas etapas históricas. Pretendemos agora centrarnos no seu devir durante reinado de Felipe II. Catro son os titulares que copan o panorama desta casa ó longo destes anos.

Don Luis Sarmiento de Mendoza, V conde de Ribadavia (1559-1572), que tras pasar máis de dez anos baixo a tutela da súa nai, asume a xefatura do seu estado en 1559. O seu labor aparece marcado pola constante inestabilidade económica que ten o seu reflexo no endebedamento progresivo da súa facenda. O seu esforzo principal centraríase nos intentos de fundar unha colexiata en Ribadavia dotada dos estudios necesarios para garanti-la boa formación dos clérigos da súa presentación e en transforma-lo convento de Santo Domingo da mesma vila en panteón familiar.

A súa filla e sucesora Dona Leonor Sarmiento, VI condesa de Ribadavia (1579-1581), ten unha existencia fugaz que apenas permite entrever algo da súa personalidade.

Ó igual cá súa tía Dona María de Mendoza, autoproclamada VII condesa de Ribadavia (1581-1584), que tras un ruidoso pleito co seu neto Don Álvaro cede a éste a titularidade condal.

Don Álvaro Sarmiento de Mendoza, VIII conde de Ribadavia (1584-1607), tenta recompoñe-las súas minguadas arcas afogadas polas débedas e introduce á casa de Ribadavia no século XVII.

Mais o auténtico protagonismo recae en dous individuos. Son Don Álvaro de Mendoza, bispo de Ávila e membro do Consello Real de Felipe II, e Dona María de Mendoza, dona do difunto Don Francisco de los Cobos, secretario persoal do emperador Carlos V. Trátase de persoaxes de forte personalidade, actores destacados en tódolos actos principais

da familia, árbitros de querelas e avinzas, apadriñadores e financiadores das inquietudes relixiosas postridentinas e, en resume, referente necesario en todo momento.

O traballo que a continuación presentamos consta de duas partes. Unha primeira adicada a un pequeno estudio introductorio sobre a liñaxe. A continuación engadimos unha colección documental que consta de 32 documentos que esperamos sirva a outros estudiosos.

Non queremos rematar sen agradecer á editorial Toxosoutos a boa acollida dispensada para a publicación desta monografía.

Taragoña, verán de 2003